

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLO DA CULTURA GALEGA**

RESOLUCIÓN do 18 de xaneiro de 2022 pola que se dá publicidade dos convenios de colaboración subscritos no terceiro cuadrimestre do ano 2021.

Para os efectos previstos no artigo 1 da Lei 16/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, acórdase darlle publicidade aos convenios de colaboración subscritos polo Consello da Cultura Galega, no terceiro cuadrimestre do ano 2021, os cales se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 18 de xaneiro de 2022

Rosario Álvarez Blanco
Presidenta do Consello da Cultura Galega

ANEXO

Convenio	Achega do Consello da Cultura Galega	Data da sinatura
Acordo de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e o Consello da Cultura Galega para desenvolver unha exposición de carácter divulgativo, que ten como obxectivo principal achegar aos centros de ensino ou a outros espazos educativos unha reflexión sobre os conceptos básicos do movemento LGTBIQ+.	Sen achega económica	5.11.2021
Protocolo de colaboración entre o Consello da Cultura Galega e a Fundación Penzol para a dixitalización e difusión da correspondencia de Ramón Otero Pedrayo.	Sen achega económica	24.11.2021

